

EXPOSICIÓN

Inauguración o venres 4 de marzo de 2011, ás 20.30 h,
na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”
dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo)

Interveñen:

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
José Roberto Salas, comisario da exposición.**

**A continuación haberá unha exhibición
de alumnos/as de tango de Culleredo.**

Do 4 ao 31 de marzo de 2011.

Horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h

Edificio de Servizos Múltiples.
Tfno: 981665597 Fax: 981661748
Email: servizosmultiples@gmail.com



**ARTE ARXENTINO EN EUROPA
UNHA MIRADA AO SUR
BICENTENARIO DA INDEPENDENCIA
DE ARXENTINA**

Presentación

Acollemos, na Sala de Exposicións dos Muíños de Acea de Ama, dentro das actividades que organiza a Fundación Aurelio Salas de Tucumán, en conmemoración do Bicentenario da Independencia de Arxentina, a exposición *Arte arxentino en Europa. Unha mirada ao sur*, nunha itinerancia que e levará por España, Francia, Bélxica e Italia.

Son cinco os artistas recollidos nesta exposición: Sixto Aurelio Salas, Donato Grima, Julio Enrique Villafañe, Víctor Montoya e Roberto Koch, dos cales nos falará, no acto de inauguración, o comisario da exposición, José Roberto Salas. A continuación, disfrutaremos dunha exhibición de alumnos/as de tango de Culleredo.

É, pois, unha excelente oportunidade de poder coñecer, de primeira man, a obra de importantes pintores dese país, Arxentina, tan vencellado a Galicia: non podemos esquecer esa famosa sentenza de que Bos Aires é a quinta provincia galega.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

DATOS BIOGRÁFICOS

SIXTO AURELIO SALAS

Artista plástico tucumano, naceu en 1924 e faleceu en 1992. Licenciado en Artes Plásticas, foi docente na Escola de Belas Artes e na Facultade de Belas Artes da Universidade Nacional de Tucumán. Durante case 40 anos foi ilustrador da páxina literaria da *Gaceta de Tucumán*. Na súa actividade profesional acadou máis de 20 primeiros premios en salóns nacionais e provinciais: o máis importante foi o Gran Premio de Honor Presidencia da Nación Arxentina en 1991.

Na actualidade é considerado un dos mestres da plástica arxentina debido á grande tarefa de difusión que vén realizando a Fundación Salas.

DONATO GRIMA

Pintor e debuxante, nace en 1949 en Tucumán. Estuda Artes e Deseño. Radícase en Caracas entre 1976-1983, traballando como ilustrador

para editoriais e axencias de comunicación visual, e dende 1998 ao 2002 en Madrid, Alemaña e Nova York. En 1993 funda o Centro de Arte e Deseño de Tucumán. Foi xurado de Artes Plásticas e Deseño en distintas oportunidades. Realizou viaxes por razóns profesionais e de estudo por distintos lugares: España, Alemaña, Italia, África, EEUU e América Latina. Ten realizado exposicións individuais en diversas cidades de Arxentina, así como Nova York, Madrid, Hamburgo, Bogotá ou Caracas.

JULIO ENRIQUE VILLAFAÑE

Artista plástico tucumano, estudou no Instituto de Artes Plásticas da cidade de Aguilares, dependente da Universidade Nacional de Tucumán. Licenciado en Artes Plásticas, a súa obra está presente en museos de Bos Aires, Tucumán, Córdoba, Salta, así como en España e Chile. Foi director de Cultura da cidade de Aguilares e, na actualidade, é Secretario de Turismo e Secretario de Xestión Académica e Administrativa do Departamento de Artes Plásticas da cidade de Aguilares. Obtivo diversos premios e distincións; entre eles, a Medalla de Ouro da Universidade de Belas Artes de Tucumán (1992).

VÍCTOR MONTOYA

Nace en Córdoba en 1963 e reside en Jujuy dende 1970. Estudou na Escola Provincial de Belas Artes de San Salvador de Jujuy, na especialidade de Artes Plásticas. Exerceu a docencia durante varios anos.

Existen obras súas na pinacoteca nacional, diversos museos e coleccións públicas e particulares de Arxentina e o mundo. Ten participado en máis dun centenar de exposicións individuais e colectivas en Arxentina, Bolivia, República Dominicana, EE.UU., Francia, Venezuela e Colombia, entre outros países, e obtivo varios premios.

ROBERTO KOCH

Nace en Bos Aires en 1963. Dende 1982 reside en Tucumán. Posúe dous títulos de Licenciado en Artes Plásticas (Pintura e Grabado). É docente na Facultad de Artes da Universidad Nacional de Tucumán. Realizou numerosas mostras individuais en galerías e museos do país e do estranxeiro, obtendo numerosos premios e distincións, algúns deles en Galicia, na especialidade de gravado.